

PLENO INFANTIL 22 DE MARZO DE 2018

**Sesión ordinaria celebrada polo Pleno Infantil do Concello
o día 22 de marzo de 2018**

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta da sesión extraordinaria do Pleno do 22/11/2017.**
- 2. Contestación das preguntas do pleno anterior.**
- 3. Aprobación do Regulamento do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia do Concello de Redondela.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións sendo as dez horas e vinte minutos da mañá do 22 de marzo de 2018 coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes voceiros/as:

- Pablo de la Iglesia do Centro de Educación Infantil e Primaria “QUINTELA”
- Antía Ferrín do Centro de Educación Infantil e Primaria “QUINTELA”
- Alba Carballo do Centro de Educación Infantil e Primaria “IGREXA”
- Paula Vila do Centro de Educación Infantil e Primaria “IGREXA”
- Laura Villaverde do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA”
- Víctor Ramírez do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA”
- Zoe Bóveda Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”
- Iria González do Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”
- Carla Gago do Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”
- Carmen Castro Viaño do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA”
- Rubén García do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA”
- Mei Chu Verdejo do Instituto de Secundaria de “ILLA de SAN SIMÓN”
- Ainhoa Cortizo do Instituto de Secundaria de “ILLA de SAN SIMÓN”
- Sara Riobó do Instituto de Educación Secundaria de “PEDRO FLORIANI”
- Pablo Xesús Martínez Couñago do Instituto de Educación Secundaria de “PEDRO FLORIANI”

Asiste o sr. Ángel Santamariña Rivera como interventor, e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o

presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión extraordinaria do Pleno do 22/11/2017.

Non existindo observacións, a acta resulta aprobada por unanimidade.

2. Contestación das preguntas do pleno anterior.

O sr. Alcalde explica que en base á acta da sesión anterior dará resposta a cada unha das cuestións que lle formularon os colexios, abrindo despois turno de palabra.

Comezo polo **Colexio de Infantil e Primaria de Quintela**: eran suxerencias para reformar o pavimento da pista polideportiva exterior do colexio, construír unha pista de patinaxe e bicicletas, renovar o parque público, etc. O Alcalde pode ser responsable das obras para que se fagan ou ben pode ser mediador para que se fagan. En relación ó Colexio, cubrir o pavimento da pista non é responsabilidade do Concello, senón da Xunta de Galicia que é quen ten a responsabilidade neste tipo de obras. Neste sentido o Alcalde púxose en contacto coa Xunta de Galicia e trasladoulle as vosas peticións. Tivemos unha reunión onde o equipo directivo estivo representado e se acordou cambiar o tellado e por outro lado tamén se pediu ter comedor no colexio. Esas dúas cousas se conseguiron. Non se conseguiu a parte de cubrir a pista. Hai que seguir pedindo para ir mellorando.

Tamén propuñades un parque público con máquinas para os nosos maiores. Quintela é moi grande, xa existe un espazo con máquinas de biosaudables. Xunto ó Cemiterio xa hai un espazo deste tipo pero si entendedes que debe existir outro, podedes dicírnolo.

Falabades de pistas de pádel, fútbol e piscina. Pistas de pádel abríronse 4 en Redondela, teñen éxito e temos idea de introducilas en Chapela. En Chapela non atopamos aínda un sitio para ubicalas. Respecto da piscina entendemos que estamos servidos: temos dúas, unha en Redondela e outra en Chapela, con isto creo que estamos satisfeitos. Respecto das pistas de fútbol 7 decídeme un lugar onde coidades que deberían estar e estudámolo. Necesitamos que as que se fagan sexan para usalas. Se poden facer pero me tedes que dicir un sitio para que se poidan utilizar.

Carmen Castro Viaño do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA”: en Chapela, debaixo do Parque da Alameda, temos pistas de baloncesto e fútbol pero están en malas condicións e vai moita xente a xogar.

Sr. Alcalde: vamos acompañarvos a vós e miramos as posibles melloras que queredes incorporar na pista.

Sr. Alcalde: con respecto ó **Colexio Igrexa** fixestes unhas propostas interesantes relacionadas con accesibilidade e integración. Que os semáforos sexan como paxaros coa idea de que os invidentes teñan facilidade para poder atravesar unha rúa. O Concello de Redondela xa está en contacto con moitas asociacións que están na liña de integridade e accesibilidade, estamos en contacto con ASPAVI que fixo unha análise dos centros públicos para ver si cumpren coa accesibilidade. COGAMI tamén nos axudou. Tamén temos en conta a XOGA, que é unha asociación de xordos, estamos en contacto con eles tratando de levar a cabo unha serie de medidas como por exemplo, que poidan escoitar este acto moito mellor.

O de que soen os semáforos, entramos en conflito con outro grupo, LAREDO, que propuña reducir os rúdos. Temos que poñer na balanza o que propón cada parte. ¿Que opina o LAREDO?

Representante do Colexio Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”: está ben o deles porque así poden cruzar sen perigo.

Sr. Alcalde: o que estades decidindo é que é máis importante que os invidentes teñan esa prestación. Descubrimos que hai un sistema que os invidentes utilizan que vai por tecnoloxía, a ONCE estao facilitando. Cando se arriman a un semáforo o sistema envía un sinal. En Chapela vamos a instaurar o sistema tecnolóxico novo. En último caso si non se puidese instalar, poñeremos o sistema do paxaro “pío-pío”.

Respecto de que as rúas indiquen camiños seguros para ir ó colexio, tomamos nota porque é un tema que queremos arranxar. Hai lugares máis fáciles ca outros. É interesante ter a posibilidade de que poidades falar en grupo.

Respecto de que os edificios municipais se comuniquen con pictogramas, estamos nesa liña.

Con respecto ó **Colexio Alexandre Bóveda**, tedes toda a razón do mundo cando dicides que hai que mellorar o caos no colexio: coches mal aparcados, rúa estreita e non poden baixar os autobuses... Necesito que identifiquedes as posibles solucións ó voso entender. Eu pedín un semáforo para a zona, non só para o Colexio senón tamén para atravesar entre Riofrío e Alto da Encarnación. Está pedido a Fomento. Respecto ós coches mal aparcados, temos que concienciarnos de quen ten a responsabilidade.

A representación do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA” di: son as familias que aparcan mal. Pódese poñer alguén que vixie a zona.

Sr. Alcalde: policía locais non hai moitos, hai poucos. Apelo a que exista unha implicación entre todos para resolver de forma cívica que non haxa estes atrancos.

A representación do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA” di: estamos de acordo.

A representación do Centro de Educación Infantil e Primaria “QUINTELA” di: no noso colexio tamén hai coches mal aparcados, ás veces aparcan no lugar dos profes.

Sr. Alcalde: pois en Quintela e Alexandre Bóveda trataremos de concienciarlos.

Seguindo co Alexandre Bóveda, respecto dos aseos, parque, chan e zona de xogo en malas condicións... Dicar que estamos tratando de solucionalo, anque é certo que non todos os parques poden ser iguais. Por exemplo hai parques que teñen que adaptarse á zona na que están instalados, como os das praias que teñen chan de area. É certo que existen parques infantís que teñen que mellorarse.

Falades tamén de zonas sucias con botellas sucias no Parque da Alameda, existe un servizo de limpeza que a fai todos os días. Nós podemos limpar, pero necesitamos mentalizar á xente para que deposite o lixo nos lugares adecuados. Fago un chamamento. Sabedes que na Xunqueira se xoga un campionato de fútbol sala no verán, e en xullo e agosto está cheo. ¿As pipas? ¿Que facemos con elas? ¿Vos parece ben que se tiren as pipas ó chan? As pipas deben ir nunha bolsa e despois nunha papeleira. Un ano repartimos bolsas para mentalizar á xente. Vos pido que colaboredes para mentalizar que a limpeza é cousa de todos.

O do *calambrazo* no parque da Alameda coido que xa está arranxado.

A representación do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA” di: aínda hai xente que lle dá *calambrazos*.

Sr. Alcalde: volveremos a revisar. Respecto das vías de tren sucias e con graffitis, será unha senda Verde pola que poidades pasear.

No entorno de Trasmañó en canto ás veces que pasa o camión do lixo e sen colectores, estamos nel.

Respecto dos carrís bicis, en Redondela é difícil pero temos a senda da Auga.

Respecto das beirarrúas no entorno de Trasmañó, están para que sexan utilizadas. Onde non hai seguridade vial é necesario pero ás veces temos o problema de que a estrada non é suficientemente ancha. Vos pido que me identificades os puntos onde pensades que hai que melloralo.

A representación do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA” di: na zona dos parques infantís vos preguntamos a colocación de baños públicos.

Sr. Alcalde: recoñezo que non hai baños públicos e temos que estudar a fórmula para poñelos.

A representación do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA” di: existen conflitos onde está Froiz na zona de abaixo, que aparcan os coches e non deixan espazo.

Sr. Alcalde: preténdese ordenar a zona da Alameda e tamén se debe respectar a zona de carga e descarga. Na parte do Froiz acurtamos a curva para que os coches puidesen aparcar mellor. Estamos cos últimos trámites para adquirir un terreo que facilitaría en certa medidas os aparcamentos.

Sr. Alcalde: con respecto ó **Colexio Laredo**, facedes alusión aos ruídos, por exemplo no tema dos trens pero neste caso a xente utiliza o tren porque o necesita. Entendemos que a hora adecuada ten que ser para as persoas que o utilizan.

Respecto dos horarios das obras nas que traballan pola tarde, non é fácil porque hai unha xornada laboral. O que se pode facer é tratar de minimizar o impacto. É interesante o estudo de ruídos da zona. Coas novas tecnoloxías trataremos de poñer identificadores de ruído. A nosa idea é cambiar as luminarias para dotalas de tecnoloxía LED pero ademais aproveitar esta tecnoloxía para que midan os niveis de ruído en cada zona. Moi ben o traballo que fixestes en torno ó mapa sonoro. Agradezo a vosa implicación, é un tema importante.

A representante do Instituto de Secundaria de “ILLA de SAN SIMÓN”di: cando é Nadal colócanse altofalantes nas farolas e molesta ós que vivimos ao lado.

Sr. Alcalde: tes toda a razón do mundo. En Nadal trátase de animar a rúa pero é un tema que debemos ter en conta.

Sr. Alcalde: Con respecto ó **IES SAN SIMÓN**, no referente á promoción do cine hai que seleccionar a película pero o tedes que facer vós. Hai películas que teñen dereito de autor e outras non. E despois que veña xente. Podedes facerlle unha proposta á concelleira de cultura, vos reunides e ela fará un abanico de opcións. A idea fundamental é que vós propoñades as películas.

Con respecto ó lugar onde practicar PARKOUR, SKATE... estamos a punto de iniciar o proxecto do SKATE ó lado do Pavillón da Marisma, tamén irá unha pista de baloncesto. Estamos a pedir que exista participación dos que practican SKATE e dos que fan BMX. En 15 días máis tardar teremos unha xuntanza cos rapaces para validar a idea que nós temos desa infraestrutura para que participen os que están no día a día. En canto ao circuíto de KARTS é moi complicado para o Concello, tería que ser unha empresa privada. En canto ó rocódromo, é un proxecto que está enriba da mesa para facer dentro do pavillón da Marisma. De paintball sería unha empresa privada a que puidese facelo.

Nos concertos para adolescentes necesito tamén das vosas propostas, que podedes facer na xuntanza coa concelleira. Hai grupos que poderemos traer e outros non, por exemplo Justin Bieber. Me gustaría que utilizarades o buzón de suxerencias da web municipal. Neste ano, os metaleros, terán un grupo importante.

Respecto ao carril bici, é complicado. Estamos coa teima de buscar. Tentaremos facelo nunha senda alternativa entre a vila e Cesantes, e entre Cesantes e a punta da praia. A nosa idea é tentar facer un carril bici.

Respecto da biblioteca pública e que existan libros para todas as idades, me dixeron que estaba ben dotada, pero si notades que falta algún libro, indicádemo.

Respecto de arranxar a zona da praia no Peirao, non sei moi ben si vos referides a arranxo ou á limpeza. Si é arranxo ten que ser Portos da Xunta de Galicia, si é limpeza é o Concello.

Respecto a máis apoio ós deportes minoritarios, estamos tentando facelo: xa contamos con pádel, fútbol sala, fixemos unha exhibición de bádminton, fixemos judo varias veces, tiro con arco... tratamos de darlle cabida ós deportes minoritarios. Si sabedes dalgún sitio onde situar algunha instalación, dicídemo.

De espazos para situar videoxogos, necesito as vosas propostas. A pista de fútbol en Cesantes está en proceso. Da patinaxe, coas novas instalacións miraremos. Respecto das clases de teatro, necesito as vosas propostas.

A representante do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA” di: nas bibliotecas nos gustaría que se aumentase a cantidade de libros. Respecto do deporte, das subvencións deportivas pediríamos algo máis.

Sr. Alcalde: dos libros non hai problema en que envíedes propostas. Respecto das subvencións o concelleiro de deportes irá ao IES Chapela para falar deste tema.

Sr. Alcalde: con respecto ó **Colexio Pedro Floriani**, no que se refire a estar presentes nos medios de comunicación, sabedes que temos Radio Redondela, vos propono que nos digades que tipo de programa considerades que se pode emitir en Radio Redondela ou na TV de Redondela. Ó mellor queredes invitar tamén a youtubers. Trátase de participar todos. Facer unha programación na radio.

Respecto dos rogos, de arranxar o parque da Igrexa e contorno do Multiusos, a idea é que cando acaben as obras de ampliación da autoestrada se acometan estas obras.

O Colexio Igrexa preguntou cando se trasladarán ó novo Colexio. Agora mesmo están a punto de darlle o contrato a unha empresa para que faga o cole. Están coa idea de facelo canto antes, a medida que saibamos datas volo comunicaremos.

No referente ás ramplas para discapacitadas no Colexio Alexandre Bóveda, indicádeme onde.

Con respecto **ao IES CHAPELA**, as praias teñen un procedemento de limpeza, a diario no verán, e no inverno se fai de forma esporádica porque coas mareas vén lixo. Convén dicir que o lixo non o xera a praia. Agora comezaremos o tema de verán e o areal se limpa continuamente.

A representante do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA” indica que a depuradora non depura ben, existen problemas coas augas residuais e a análise da calidade da auga preocupa.

Sr. Alcalde: a depuración ten que ser perfecta, a auga que sae ten que estar en condicións debidas para entrar no mar, ten que estar depurada. Este ano alí teremos unha calidade boa da auga. Non era só a depuradora, hai dous ríos que entran na zona, estes tiñan vertidos de particulares. Identificamos os distintos focos, coas obras da autoestrada identificamos un. Identificalos é un traballo complicado, nas análises que se fixeron o ano pasado deron como resultado que a auga ten boa calidade. A nosa idea é que Arealonga sexa Bandeira Azul. Fixemos moitas análísicas durante moito tempo continuadas.

A representante do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA” di que a depuradora segue sen depurar ben. Existen peixes alimentándose de restos orgánicos.

Sr. Alcalde: iso non pode ser, témolo denunciado ante a Xunta de Galicia. Respecto das fontes tedes que dicirnos onde.

Respecto de crear zonas verdes, na zona da Igrexa se creará un espazo importante e tamén na Vía Verde que se vai facer no que é a estación vella, para que poida ser un lugar para a xuventude, que xestionaredes os mozos e mozas. En Redondela temos o paseo Maceiras que se está facendo. En Reboreda temos a ferverza.

A representante do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA” di que nas instalacións deportivas que utiliza o Clube de Remo existen goteiras nas instalacións.

Sr. Alcalde: agora hai un proxecto que tratará de solucionar este tema.

Respecto do transporte, preténdese conectar as parroquias cos medios de transporte público. Hoxe os menores de 19 anos que van a Vigo con Vitrasa, non pagan. Iso é aplicable á rede de transporte público que dependa de Galicia. En Vigo non se aplica porque Vitrasa non está no transporte metropolitano de Vigo.

A representante do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA”: pediríamos que non se quiten as tarxetas e fagades caso das firmas recollidas. Usamos Vitrasa e as tarxetas son importantes.

Sr. Alcalde: estamos de acordo, xa pedimos medidas cautelares para que se paralice todo isto.

A representante do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA” di que fai dous anos morreu un home porque a ambulancia non chegou a tempo, pediríamos que nos centros de saúde haxa varias.

Sr. Alcalde: cando temos calquera evento poñemos unha ambulancia, o resto depende da Xunta de Galicia para identificar puntos de ambulancia. Se trata de minimizar o risco. Trataremos que en determinados puntos teña a posibilidade de saír. Non é fácil porque non só é onde se atope, senón tamén o que encontre polo medio.

3. Aprobación do Regulamento do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia do Concello de Redondela.

Sr. Alcalde: trátase de poñer en funcionamento esta composición do Consello para despois poder levalo ao Pleno de maiores.

A representación do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA” propón modificar a primeira función dos vogais porque os sete días de antelación entre a convocatoria e a celebración, é insuficiente. Consideramos que polo menos debe ser de un mes. Tamén propoñemos en relación á forma do documento, que se teña en conta o criterio alfabético: primeiro nenas e despois nenos.

O sr. Alcalde somete a aprobación o Regulamento do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia do Concello de Redondela que se inclúe no expediente, introducíndose os cambios propostos polo CEIP Alexandre Bóveda; resultando aprobado por unanimidade dos presentes.

Sr. Alcalde: os puntos están tratados. Lembrarvos que hoxe é o día mundial da auga, que poñeremos en valor pola complicada seca do ano pasado. Me gustaría que fixerades unha análise de ver como mellorar o uso responsable da auga. Na próxima convocatoria que creo que é en abril, podedes traer as vosas propostas e eu farei de moderador.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.

Documento asinado electronicamente na marxe
